

COUSAS DOS RAPACES DAQUELA ÉPOCA

Pepetote

Como os meus paisanos de Lérez me pediron, cando visitei a exposición anual no local da igrexa parroquial (antigo convento beneditino), que escribise algo sobre os anos de cando ía á escola do Castelo e mais o que a min me percese, para a revista da Asociación Cedofeita, considerei non soltar un "rollo" que acaba aburrindo a todo o que o le, senón contarvos algo máis anecdótico, acontecido ó longo dos anos, empezando polas "pillerías" dos cativos e ir seguindo en etapas adultas, ata esta nova vellez.

Coma xa lembrades, todos os novos-vellos de agora eramos rapaces hai setenta e tantos anos (xa choveu dende entón). Os daquela época non podiamos falar diante dos maiores. "Cando falan os maiores, os rapaces teñen que estar moi calados, non abrir a boca. Entendido!" Pero claro, os rapaces, que tiñamos que obedecer senón había "vimbiazo" nas pernas, así o faciamos. Pero os homes e mulleres non se daban conta que a boca estaba calada, pero os oídos e os ollos estaban ben abertos. Polo tanto, o que dicían eles entrábanos polos ollos e os oídos, non pola boca, así que aguzabamos o cerebro para dicir, contar e rir coas cousas que dicían coa súa boca aberta e escarallabámonos de risa como descosidos co que lle oíamos.

Eles tiñan os seus trucos, pero nós tiñamos a nosa astucia e as nosas trasnadas, que cada un facía as súas. Eu recordo varias, pero sobre todo unha que pode verse como un chiste infantil.

Veredes. Un compañeiro de colexio, XP, que tiña moita actividade e enxeño sabía que eu tiña unha gaiola na Veiga da Fonte. Cando na miña casa facían a aguardente, botaban alí un montiños de bagazo que, como tiña moitas pebidas de uva, ó colocarlle a gaiola enriba cunha trampaña, viñan os paxaros, sobre todo verderolos e merlos, e entraban e accionaban a trampa, de modo que lles caía a gaiola encima, quedando atrapados dentro. Eu collía o paxaro e gardaba o aparello dentro duns buracos que facía meu pai para máis adiante plantar cepas novas (os buracos eran grandes).



O meu compañeiro vírame facer a manobra varias veces e un día díxome:

- Pepe, bótoche unha carreira pola veiga -desde un sitio que se marcaba- a ver quen chaga primeiro a aquel buraco (sinalaba o que tiña gardada a miña gaiola). Se perdes a carreira, o próximo paxaro que collas é para min e, se ganas, douche seis bólas de barro ou un "tromo".

- Pois de acordo -contesteille eu.

Empezamos, contamos un, dous, tres e botamos a correr. Pero el, que era moi agudo, correu máis ca min e cun pouco de mala uva, pois, en canto chegou ó buraco onde eu tiña a gaiola escondida, tírouse con toda a forza dentro e, claro, rompeuna coa forza dos pés.

Eu díxenlle

- Pois "jodéchesme", ganaches o próximo paxaro que colla, pero o carallo é que agora teño que facer outra gaiola. Pero, amigo meu, aínda que foi unha putada, eu irei facendo pouco a pouco outra gaiola e, o primeiro paxaro que caia xa sabes que é para ti. Non te preocupes que xa te avisarei.

Pasados uns días, empecei a facer outra gaiola e cando a tiven feita e antes de avisalo, fixen un burato case tan grande coma os outros de plantar as cepas,

pero fíxeno un metro antes do outro, dentro do mesmo treito. Púxenlle unha rachas de cana e por riba uns terrón de herba, como se fose un tellado e, previamente, metín no fondo da focha unha especie de bolsa grande de material brando, que non recordo agora como se chamaba, chea de auga.

Preparada a trampa, ó día seguinte díxenlle na escola:

- Oes, amigo, xa teño todo listo para outra carreira, así que vaite adestrando que mañá mesmo volvemos con outra aposta igual ca anterior. Se gaño eu dásmes as seis bólas de barro e se gañas ti, téñoche que dar dous paxaros, un que xa che debo e mais o de agora.

- De acordo -díxome el.

Comezamos a carreira igual ca vez anterior. Un, dous, tres e arrincamos. El meteulle a marcha segunda e ía embalado. Eu tiña pouca gasolina e fun na primeira marcha. Claro, ía diante miña todo cheo de vento e, de repente, con faltaba só un metro para chegar á gaiola, caeu na trampa e púxose mollado coma un pito na chuvia e empezou a berrar como unha gaiota...

Eu consoleino un pouco e díxenlle:

- Pero, quen "coño" poría aquí esta carallada? Síntoo moito, amigo meu, pero perdiches as seis bolas, así que tes que darmas...

- O carallo, Pepe, non che dou nada que teño que poñer a enxugar os pantalóns, os calzóns e os zocos -respondeu el -.

Pois, compañeiro meu, -dixen eu- eu a ti tampouco che dou nin o verdadeiro nin o merlo... pero non te preocupes que che regalo o "paparrulo" que caeu na gaiola.

Cando xa fomos sendo algo máis que rapaces (medio homiños) e a escola primaria ía quedando atrás, xa tiñamos outros entretementos máis maliciosos pero lóxicos por estarmos na "idade do pavo". Tiñamos outras miras máis picarescas e íamos ó cine os domingos. Algúns falaban das trapalladas para ir ó baile aumentando a idade e, como non había tantas cousas como agora para se

divertir, tiñamos que aproveitar as festas parroquiais e patronais e o domingo para ir ó baile, sobre todo, ó baile de carnaval, que nesta provincia existía e permitíase ir disfrazado e levar careta (ás veces ata servía unha media de muller pola cabeza con tres buracos na cara para ver e respirar). Efectivamente, era moi difícil que coñecesen a persoa e, claro, aproveitábase para dicir chiste ou outras cousas, algunhas picantes pero divertidas, sen que coñecesen a un.

Eu recordo ir un domingo de carnaval ó baile do Chosco, na estrada de Santiago. Un destes bailes fun disfrazado, coa careta, como case todos. Levaba un pantalón largo e unha especie de mandil, pero por detrás para ocultar unha bolsa de goma que contiña un líquido fedorento, que se compraba na farmacia ou nalgunha tenda. Se se apertaba a bolsa, tiña unha fuga que non se notaba porque a tapaba o mandil. Enriba, púxenlle o escusado (do cu, vamos) un cartel que dicía "non tocar, perigo de peido".

Pero, claro, iso facía picar os mozos e, sobre todo, ás mozas que ían por atrás e apertaban sobre o cu e botáballe un tufo fedorento que os facía fuxir. Pero o caso é que non deixaban de tocar ata que se acabou o contido da bolsa. Entón a xente xa se aproximaba e xa quería bailar comigo, facéndome preguntas a ver se me coñecía. Pero non o conseguiron.

Por fin, cando era a unha da mañá, saquei todo o "tinglado externo" e a careta e oín un grito de sorpresa: Pepe, o Petote!. Entón botei un baile con todas aquelas fermosas paisanas miñas.

Non hai moito tempo que me recordou esta historia unha "nova-vella" que facía uns sesenta ou setenta anos que non nos víamos. Pasamos unha gran alegría lembrando as diversións daqueles tempos.

